

ORDENANZA FISCAL NUM. 150**TAXAS POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (SISTEMA ORA)****ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa polo aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica (sistema Ora), que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 57 e 20.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. OBRIGA DE PAGAMENTO.

1. A obriga de pagamento da taxa xorde ó producirse o estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas seguintes rúas que figuran na Ordenanza xeral de policía.

2. Concederase o aproveitamento e realizarase o pagamento no momento de obter o correspondente ticket nas máquinas expendedoras. O ticket acreditativo do pagamento deberá exhibirse no parabrisas dianteiro e en lugar visible dende o exterior e nel indicarase o mes, o día e a hora de expedición, o tempo máximo autorizado do estacionamento e as demais circunstancias e requisitos que poidan esixirse por disposicións legais ou regulamentarias.

3. Existirá obriga de pagamento cando o aparcamento se realice en días laborables e nas zonas indicadas no núm. 1 deste artigo, co seguinte horario:

- De luns a venres: dende as 10 ás 14 horas, e dende as 16 ás 20 horas.
- Sábados: dende as 10 ás 14 horas.

Por resolución da Alcaldía poderá modificarse o tempo máximo de aparcamento autorizado para unha zona ou parte dela, así como aplicarse ou diminuírse os horarios citados.

ARTIGO 3º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento da taxa, con carácter solidario, o conductor do vehículo e o propietario deste. Para estes efectos, entenderase por propietario do vehículo a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que teñan ó seu nome o vehículo no permiso de circulación.

ARTIGO 4º. TARIFAS.

As tarifas que se van aplicar serán as seguintes:

- Xeral: pre-pagada. Co máximo de 2 horas.

Por 20 minutos ou fracción.	0,20 €
Por media hora ou fracción.	0,30 €
Por 50 minutos ou fracción.	0,50 €
Por 1 hora ou fracción.	0,60 €
Por 75 minutos ou fracción.	0,80 €
Por 90 minutos ou fracción.	1,00 €
Por 2 horas ou fracción.	1,35 €

- Complementaria: post-pagada:

Por exceso de tempo de ata 30 minutos.	1,55 €
Residentes:	por ano natural. 31,20 €
	por trimestre natural. 8,75 €

As cotas resultantes serán irreductibles.

ARTIGO 5º. RESIDENTES.

1. Dentro de cada zona da área non estarán suxeitos a limitación na duración do estacionamento, salvo sinalización específica ou norma xeral en contrario, os vehículos propiedade de persoas físicas que exhiban na parte interior do parabrisas, totalmente visible dende o exterior, o distintivo especial correspondente á zona a que se refiren os artigos seguintes:

2. A Delegación de Tráfico e Transportes outorgará distintivos especiais con validez dun ano ou dun trimestre natural para os vehículos que reúnan os tres requisitos seguintes:

- a) Ser propiedade de persoas físicas empadroadas e que de feito vivan dentro da zona correspondente.
- b) Que no permiso de circulación conste o mesmo domicilio de empadroamento do titular.
- c) Que estean ó corrente no pagamento do Imposto de vehículos de tracción mecánica.

Só se considerará propietario do vehículo a quien conste como tal no permiso de circulación expedido pola Xefatura Provincial de Tráfico, e non se admitirán outras formas de titularidade.

3. Como norma xeral, só se concederá un distintivo por propietario de vehículo. Excepcionalmente, poderanse conceder outros distintivos cando se acredite a existencia doutros vehículos do mesmo titular utilizados por outros conductores que sexan cónxuge ou parente en primeiro grao, que estean en posesión do permiso de conductor e estean empadroados e de feito vivan no domicilio do propietario dos vehículos.

4. Para obter o distintivo especial, os interesados deberán:

- a) Solicitudo no impreso oficial debidamente reintegrado.
- b) Acreditar a personalidade do propietario do vehículo mediante a exhibición do documento nacional de identidade vixente, e os estranxeiros a tarxeta de residencia ou o pasaporte. Nestes documentos deberá constar o domicilio para o que se solicita o distintivo e entregarase fotocopia do documento exhibido.
- c) Acreditar a propiedade do vehículo exhibindo o permiso de circulación, no cal deberá constar o domicilio idéntico ó do documento exhibido dos mencionados no punto anterior, e achegar fotocopia deste.
- d) Exhibir o último recibo ou documento análogo acreditativo do pagamento do imposto municipal sobre vehículos.
- e) Aboar a taxa establecida na ordenanza correspondente, que será indivisible, segundo o período para o que se outorgue.

5. A Delegación de Tráfico e Transporte, como norma xeral, comprobará de oficio que o propietario do vehículo, figura empadroad o vive de feito no domicilio para o que se solicita o distintivo.

6. A Delegación de Tráfico e Transportes tamén outorgará distintivos especiais con validez temporal ás persoas físicas que, residindo fóra do municipio de Lugo, ó presentar solicitude debidamente reintegrada acrediten documentalmente:

- a) Necesidade de residir temporalmente en Lugo mediante certificado do organismo competente.
- b) Residencia de feito dentro da zona, que acreditará a través de certificación expedida polo negociado correspondente deste Excmo. Concello.
- c) Personalidade do propietario do vehículo, mediante exhibición do documento nacional de identidade vixente, tarxeta de residente ou pasaporte, e achega de fotocopia do documento que exhiba.
- d) Propiedade do vehículo para o que se solicita o distintivo, exhibindo o permiso de circulación e achegando fotocopia del.

Os peticionarios aboarán a taxa correspondente ó período para o que solicitan o distintivo especial temporal, que será indivisible segundo o período para o que se outorgue.

7. Ademais da documentación e fotocopia a que se refiren os artigos oitavo e décimo e das comprobacións establecidas no artigo noveno, a Delegación de Tráfico e Transportes podera esixir ó interesado que achegue cantos documentos estime convenientes, para acreditar calquera punto que non aparece debidamente xustificado.

8. Os distintivos especiais autorizarán, cumprindo coa normativa xeral, con carácter único e exclusivo, a estacionar o vehículo na rúa da área especificada nesta.

Naquelhas rúas que estea prohibido o estacionamento e non exista posibilidade de realizarse, a excepción dunha rúa próxima pertencente ó sistema ORA, poderá concederse o distintivo para esta última.

Os ditos distintivos especiais deberán exhibirse obligatoriamente na parte interior do parabrisas dianteiro, de forma que sexan totalmente visibles dende a parte interior do vehículo, para comprobar zona, matrícula, número de distintivo e período de validez deste.

9. As persoas a quen se outorgue o distintivo serán responsables deste e cando cambien de domicilio ou de vehículo otorgárselles o correspondente ó novo vehículo ou domicilio, se estivese incluído dentro da área, sen aboamento da taxa, sempre que devolvan o anterior distintivo.

O incumprimento desta norma, ademais da sanción prevista nos artigos 25 e 26, implicará a anulación do distintivo e a denegación do novo se en principio tivese dereito a iso.

10. No caso da perda do distintivo poderá expedirse outro duplicado, de forma gratuita, sempre que o interesado asigne unha declaración xurada da perda, na que se faga responsable do posible uso fraudulento do distintivo perdido, e aboe en selos municipais a contía que establece a Ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos.

ARTIGO 6º. EXCEPCIONES Á OBRIGA DE PAGAMENTO.

Non estarán obrigados ó pagamento da taxa:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
- b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición da reciprocidade na súa extensión e grao. Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede e oficina en España e dos seus funcionários ou membros con estatuto diplomático.
- c) As ambulancias e vehículos dos servizos de urxencia, cando se encontren cumprindo tales servizos.
- d) Os coches de inválidos ou os adaptados para a súa condición por diminuídos físicos, cando sexan conducidos polos seus titulares. Neste caso deben deixar en lugar visible, a acreditación de tales circunstancias.
- e) As motocicletas, ciclos, ciclomotores e bicicletas.
- f) Os vehículos autotaxi, cando o conductor estea presente.
- g) Os vehículos nos que se estean realizando operacións de carga e escarga, durante a realización destas, sempre que o conductor estea presente e cumpra as normas específicas que regulan as ditas operacións.
- h) Os vehículos automóbiles cando no interior permaneza algún pasaxeiro maior de 60 anos ou un diminuído físico.

ARTIGO 7º. XESTIÓN E INCUMPRIMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO.

1. Os tickets, tarxetas de residentes e demais documentación utilizada deberán ser elaborados ou aprobados polo Concello.

2. O aparcamento sen ticket ou por espacio de tempo superior ó sinalado neste, constituirá unha infracción das normas de tráfico e sancionarase como estacionamento en lugar prohibido.

3. Sen prexuízo da sanción que corresponda pola infracción das normas de tráfico procederase á inmobilización ou retirada, de ser o caso, dos vehículos situados nos aparcamentos da zona de permanencia controlada cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

- a) Cando o vehículo se encontre estacionado carecendo do correspondente ticket.
- b) Cando o tempo de estacionamento supere en máis de trinta minutos o período aboadio polo ususario.
- c) Cando o vehículo con tarxeta de residente aparque fóra da súa zona de aparcamento, sen ticket.

4. A inmobilización ou retirada do vehículo producirá o nacemento da obriga de contribuír nos supostos previstos na Ordenanza fiscal núm. 123, con aplicación das tarifas correspondentes.

5. No suposto de que non proceda a inmobilización do vehículo por non ter excedido en 30 minutos o tempo de estacionamento autorizado no ticket, o usuario poderá anular a denuncia mediante a obtención dun segundo ticket especial de "exceso", no que constará a hora da súa expedición e o seu importe indícase no artigo 4º anterior. Este ticket de post-pagado, xunto co primeiro e co boletín de denuncia serán introducidos no buzón situado no pé de cada expendededor, ou entregarase a un dos vixilantes do servizo para que anule a denuncia. O usuario deberá obter un xustificante de tales puntos.

6. No suposto de que, por carecer do preceptivo ticket, non proceda a inmobilización do vehículo ou este non fose xa retirado pola grúa, o usuario poderá anular a denuncia dentro dos seguintes 6 días mediante a obtención dun ticket por importe de 7,00 €, seguíndose idéntico procedemento ó establecido no parágrafo anterior para os excesos de 30 minutos do tempo de estacionamento autorizado.

ARTIGO 8º. INFRACCIÓN S E SANCIÓNS.

A) A utilización fraudulenta da tarxeta de estacionamento ou a infracción de calquera das normas establecidas na ordenanza sancionarase coa multa de 12,02 euros.

As ditas sancións tramitaranse da mesma forma que as infraccións cometidas contra o Código da circulación e que sexan competencia da Autoridade municipal.

B) De conformidade co disposto nos artigos 21-1-K da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 59 do R.d. lexislativo 781/1986, do 18 de abril, considerarase desobediencia manifesta á Autoridade municipal, e será sancionada coa multa de 90,15 euros.

- a) O uso de distintivos especiais falsificados ou manipulados.

- b) O uso das tarxetas horarias falsificadas ou reiteradamente manipuladas.
- c) O uso do distintivo especial, unha vez transferida a propiedade do vehículo para o que se outorgou.

ARTIGO 9º.

A teor do establecido no Código da circulación no artigo 292- alínea III-b) 3º, e Bando da Alcaldía con data do 10 de xuño de 1978 (onde se considera moi densa circulación todas as vías públicas da cidade destinadas ó tránsito de vehículos) será retirado pola grúa municipal ou inmobilizado polos cepos todo vehículo que infrinxa a presente normativa.

ARTIGO 10º. NORMATIVA APLICABLE.

En todo o previsto nestas normas serán de aplicación as restantes disposición legais, regulamentarias, ordenanzas e bandos en materia de policía e ingresos públicos e se non as normas xerais de Dereito administrativo e, con carácter supletorio, as de Dereito privado.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2012, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa²⁴.

²⁴ O texto da ordenanza transcrita, é o da súa redacción vixente, integrada coas modificacións aprobadas polo Concello Pleno mediante acordo de data 7 de novembro de 2011, para rexer a partir do 1 de xaneiro de 2012 (Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do 26/12/2011).